A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 12/05/2011 prestou aprobación inicial a modificación nº2 do proxecto de urbanización da Unidade de Execución nº3 "Rincón de Pepe" redactado polo Estudio Zozaya SLP, data visado COAG 01/02/2011. O que somete o período de exposición pública polo prazo de vinte días durante o cal os interesados poden consultar na Secretaría do concello o expediente e presentar alegacións que consideren oportunas, todo elo en cumprimento do disposto no artigo 110 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Baiona, a 18 de maio de 2011.—O Alcalde, Jesús Vázquez Almuíña. **2011005278**

* * *

A ESTRADA

E D I C T O

O Pleno municipal en sesión ordinaria celebrada o día 7 de abril de 2011 adoptou Acordo de aprobación inicial da Ordenanza Municipal Xeral de Procedemento para a Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello da Estrada e Anexos I, II e III.

De acordo co establecido no artigo 49 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, se somete a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días naturais, durante o cal se poderán presentar reclamacións e suxestións e que serán resoltas polo mesmo órgano municipal.

No caso de que durante o devandito prazo non se presenten reclamacións ou suxerencias algunhas, entenderase conforme ao nomeado artigo 49 da LRBRL, definitivamente aprobado o Acordo provisional.

A Estrada, 3 de maio de 2011.—O Alcalde, José Antonio Dono López. **2011005268**

* * *

O GROVE

Resolución da alcaldía

De conformidade co disposto nas bases xerais da convocatoria publicada no BOP nº 22, do 2 de febreiro do 2011, para cubrir polo procedemento de concurso de méritos por mobilidade horizontal, unha praza vacante de garda da policía local do Concello de O Grove e incluída na oferta de emprego público de 2010, veño en,

RESOLVER

Primeiro.—Declarar a lista provisional de admitidos e excluídos e de non presentarse alegacións elevarase a definitiva:

ADMITIDOS

Nº	*APELIDOS E NOME*	*DNI*
1	GONZALO PITA, MANUEL … … … … … … … … … … … … … …	35319010A

EXCLUÍDOS

Ningún

Segundo.—Designar o Tribunal cualificador, que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

— Titular: D. Francisco Javier Novoa Juíz.
Suplente: D. Alfonso Estévez Salazar.

Vogais:

— Titular: D. Juan Carlos García Otero
Suplente: D. Andrés Iglesias Bouza

— Titular: D. José Manuel Portela Carballo
Suplente: D. Francisco Javier González Domínguez

— Titular: Dna. Ana Eva Peña Otero
Suplente: Dna. Rosaura Reza Gómez

Secretario:

— Titular: Dna. Yovana Prol Triñanes
Suplente: Dna. María Dolores Ochoa Gondar

Terceira.—A constitución do Tribunal así como a valoración de méritos, será o día 18 de xullo do 2011, quedando convocado o Tribunal na Secretaría do Concello ás 9:00 horas.

Cuarta.—Publicar esta resolución no taboleiro de editos, na páxina web do Concello e no boletín oficial da provincia.

Quinta.—Contra a presente Resolución poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ó abeiro dos arts. 107 e 117 da Lei 30/92, do 26 de decembro, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, de conformidade co art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

O Grove, a seis de maio do dous mil once.—O Alcalde, José A. Cacabelos Rico. **2011005273**

* * *

A ILLA DE AROUSA

ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía de 20 de maio de 2011 aprobouse inicialmente o expediente de modificación presupuestaria 3/2011 por xeneración de ingresos, o que en cumplimento do disposto no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, expónse o público por quince días, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións. A modificación entenderase definitivamente aprobada si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Na Illa de Arousa, a 20 de maio de 2011.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez. **2011005387**

* * *

A LAMA

ANUNCIO

En cumprimento do establecido na Resolución de 1 de abril de 1997 (BOE 11/04/1997), pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos para a xestión e revisión do Padrón municipal de habitantes, precédese á publicación, para que sirva de notificación á don José Piñeiro Pórtela, que constan no Padrón municipal de habitantes do Concello da Lama e que é proposta para a súa baixa por inclusión indebida tras iniciarse o correspondente expediente, e que non foi posible efectuarlle a correspondente comunicación ao abeiro do artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procedéndose á publicación de acordo co artigo 60 da mesma norma.